



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

CONVOCATORIA POR LA QUE SE OTORGAN AYUDAS INDIVIDUALES PARA USO TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA PERSONAS CON DIFICULTADES DE MOVILIDAD Y OTRAS

BDNS (Identif.): 553339

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/553339>)

Título

Extracto del acuerdo nº 14 del 15/03/2021 de la XGL del Ayuntamiento de Santiago de Compostela, por el que se otorgan ayudas individuales para el uso del servicio de taxi como medio alternativo para las personas con dificultades de movilidad o que presentan limitaciones para el uso del transporte colectivo del Ayuntamiento de Santiago de Compostela. Año 2021.

Texto

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3 b y 20.8.a de la Ley 38/2013, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo se puede consultar en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/GE/es/convocatorias>)

Primero. Objeto:

Regular la gestión de ayudas económicas, de carácter individual, que concede el Ayuntamiento de Santiago de Compostela a personas que a causa de su discapacidad, enfermedad crónica, tratamiento que reciba o edad, tengan dificultades para el uso del transporte público, condicionado al cumplimiento de los requisitos establecidos en el apartado 3 de las presentes bases.

Segundo. Personas beneficiarias:

En líneas generales podrán ser personas beneficiarias de estas ayudas las personas empadronadas y residentes en el Ayuntamiento de Santiago de Compostela que se encuentren en alguno de los siguientes supuestos:

a. Que tengan reconocida una discapacidad que afecte gravemente a su movilidad, impidiéndoles o dificultándoles gravemente la utilización de los transportes públicos colectivos.

b. Las personas que tengan reconocida una discapacidad visual que implique un grado de limitación en actividad igual o superior al 75 %, tal y como dispone el artículo 32.2 de la Ley 10/2014, de 3 de diciembre, de accesibilidad.

c. Las personas sometidas a tratamientos periódicos, administrados desde cualquier centro hospitalario de la ciudad, que acrediten mediante informe médico las dificultades o la no conveniencia de conducción de vehículos y de uso del transporte público.

d. Personas con discapacidad, residentes en el entorno rural de este término municipal, por las limitaciones derivadas de la menor frecuencia o accesibilidad a las líneas de transporte público.

e. Personas residentes en el entorno rural que, afectadas por una determinada enfermedad, acrediten mediante informe médico que no están autorizadas a conducir, dadas las limitaciones derivadas de la menor frecuencia o accesibilidad a las líneas de transporte público.

f. Personas mayores, residentes en el entorno rural de este término municipal por las limitaciones derivadas de la menor frecuencia o accesibilidad a las líneas de transporte público.

Las personas potencialmente beneficiarias de estas ayudas no pueden estar comprendidas en alguna de las prohibiciones para ser beneficiarias de subvenciones previstas en la Ley 9/2007, del 13 de junio, de subvenciones de Galicia.

Tercero. Bases reguladoras.

Bases de ejecución del Presupuesto del Ayuntamiento de Santiago de Compostela vigentes, y las bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

Cuarto.- Cuantía:

El importe de estas ayudas no podrá superar la cantidad anualmente presupuestada para esta finalidad. La cuantía mencionada se repartirá entre las personas usuarias según el tramo de ingresos y de acuerdo con lo establecido en lo siguiente:

- Hasta un límite de ingresos del 150 % del IPREM anual: cuantía máxima de 350 €, pago único.
- Más del 150 % y hasta el 250 % del IPREM anual como límite de ingresos: cuantía máxima de 250 €, pago único.
- Más del 250 % y hasta el 300 % del IPREM anual como límite de ingresos: cuantía máxima de 150 €, pago único.

Si por el número de solicitudes que reúnan los requisitos, la cantidad que correspondería a todas las personas solicitantes superase la cantidad consignada en los presupuestos para esta finalidad, la adjudicación de la ayuda individual se hará en primer lugar primando las personas solicitantes que tengan menos ingresos.

Quinto. Plazo de presentación de solicitudes.

Las solicitudes se presentarán en el plazo de 15 días hábiles, contados a partir del siguiente a la publicación de la convocatoria en el Boletín Oficial da Provincia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/03/2021

15/3/2021

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO

CONVOCATORIA POLA QUE SE OUTORGAN AXUDAS INDIVIDUAIS PARA USO DE TAXI COMO MEDIO ALTERNATIVO PARA PERSOAS CON DIFICULTADE DE MOBILIDADE E OUTRAS**BDNS (Identif.): 553339**

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publíquese o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/553339>)

Título

Extracto do acordo nº 14 do día 15/03/2021 da XGL do Concello de Santiago de Compostela, polo que se outorgan axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do Concello de Santiago de Compostela. Ano 2021.

Texto

De conformidade co previsto nos artigos 17.3 b e 20.8.a da Lei 38/2013, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publíquese o extracto da convocatoria cuxo texto completo pódese consultar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/ge/es/convocatorias>)

Primeiro. Obxecto:

Regular a xestión de axudas económicas, de carácter individual, que concede o Concello de Santiago de Compostela a persoas que a causa da súa discapacidade, enfermidade crónica, tratamento que reciba ou idade teñan dificultades para o uso do transporte público, condicionado ao cumprimento dos requisitos establecidos no apartado 3 das presentes bases.

Segundo. Persoas beneficiarias:

En liñas xerais poderán ser persoas beneficiarias destas axudas as persoas empadroadas e residentes no Concello de Santiago de Compostela, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a. Que teñan recoñecida unha discapacidade que afecte gravemente á súa mobilidade, impedíndolles ou dificultándolles gravemente a utilización dos transportes públicos colectivos.

b. As persoas que teñan recoñecida unha discapacidade visual que implique un grao de limitación na actividade igual ou superior ao 75 %, tal como dispón o artigo 32.2 da Lei 10/2014, do 3 decembro, de accesibilidade.

c. As persoas sometidas a tratamentos periódicos, administrados dende calquera centro hospitalario da cidade, que acrediten mediante informe médico as dificultades ou a non conveniencia de condución de vehículos e de uso do transporte público.

d. Persoas con discapacidade, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.

e. Persoas residentes no contorno rural que, afectadas por unha determinada doenza, acrediten mediante informe médico que non están autorizadas a conducir, dadas as limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.

f. Persoas maiores, residentes no contorno rural deste termo municipal, polas limitacións derivadas da menor frecuencia ou accesibilidade ás liñas de transporte público.

As persoas potencialmente beneficiarias destas axudas non poden estar comprendidas nalgunha das prohibicións para seren beneficiarias de subvencións previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Terceiro. Bases reguladoras.

Bases de execución do Orzamento do Concello de Santiago de Compostela vixentes e as bases reguladoras incorporadas a esta Convocatoria.

Cuarto. Contía.

O importe destas axudas non poderá superar a cantidade anualmente orzada para esta finalidade. A contía mencionada repartirase entre as persoas usuarias segundo o tramo de ingresos e de acordo co establecido no seguinte:

- Ata un límite de ingresos do 150 % do IPREM anual: contía máxima de 350 €, pago único.
- Máis do 150 % e ata o 250 % do IPREM anual como límite de ingresos: contía máxima de 250 €, pago único.
- Máis do 250 % e ata o 300 % do IPREM anual como límite de ingresos: contía máxima de 150 €, pago único.

Se polo número de solicitudes que reúnan os requisitos, a cantidade que correspondería a todas as persoas solicitantes superase a cantidade consignada nos orzamentos para esta finalidade, a adxudicación da axuda individual farase en primeiro lugar primando as persoas solicitantes que teñan menos ingresos.

Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes presentaranse no prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 15/03/2021

15/3/2021

XOSÉ A. SÁNCHEZ BUGALLO

2021/2156